



# Federación Teatral Aficionada de Galicia

## FETEAGAL

### **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FEDERACIÓN** **TEATRAL AFECCIONADA DE GALICIA - FETEAGAL**

#### **BLOQUE PRIMEIRO: DOS ASOCIADOS.**

##### **Artigo 1º .-** Documentación para Federarse en FETEAGAL

Para pertencer á Federación Teatral Aficionada de Galicia - FETEAGAL deberase seguir o seguinte procedemento:

1. Todas as Asociacións teatrais ou culturais que desexen federarse en Feteagal, deberán solicitalo por escrito á Xunta Directiva. Poderá ser mediante correo electrónico, postal ou calquera vía telemática que a Xunta Directiva admita.
2. Deberán de achegar a documentación que se lles requira, neste caso será:
  - a. Formulario debidamente cumprimentado que se lle facilitará á Asociación que queira federarse.
  - b. Fotocopia do NIF
  - c. Fotocopia Acta Fundacional e Estatutos selados pola autoridade competente e número de Rexistro.
  - d. Certificado no que se designa a unha persoa representante para as comunicacións entre a Asociación e a Federación.
  - e. Certificado expedido pola Xunta de Galicia onde figure que é unha Asociación sen ánimo de lucro.
  - f. Certificado expedido pola Xunta de Galicia onde figure a composición dos Órganos de Goberno da Asociación.



## Federación Teatral Aficionada de Galicia

### FETEAGAL

- g. Certificado expedido polo Secretario/-a da Asociación conforme que os seus membros non pertencen a outra Asociación/Empresa co mesmo fin pero de ámbito profesional.
- h. Listado de Socios actualizado da devandita Asociación.

As solicitudes de admisión resolveranse nun prazo máximo de 3 meses dende a recepción de toda a documentación. A Xunta Directiva poderá reservarse o dereito de admisión.

Unha vez aprobada a solicitude comunicaráselle por escrito aos interesados e trasladarase a súa petición a Asemblea Xeral. Dende o momento da súa aprobación terán tres meses para abonar a cota do ano en curso da súa aprobación.

#### **Artigo 2º.-** Cotas.

A cota anual quedará establecida no primeiro mes de ano en Asemblea Xeral Ordinaria. No caso de non celebrarse ou non modificar a cota existente a cota anual será a do ano anterior.

Os Asociados deberán abonar a cota establecida no primeiro trimestre do ano.

#### **Artigo 3º.-** Sancións.

##### 3.1. Obxecto do presente artigo.

Constitúe o obxecto do presente artigo, determinar as Bases sobre as medidas disciplinarias ós socios de Feteagal.

##### 3.2. Infraccións.

Toda acción ou omisión que constituía unha infracción das disposicións contidas no presente artigo será levado ante a Xunta Directiva.



## **Federación Teatral Aficionada de Galicia**

### **FETEAGAL**

#### 3.3. Clasificación das faltas.

As faltas nas que poden incurrir os socios da Federación Feteagal clasificaranse en: leves, graves e moi graves.

#### 3.4. Das faltas leves:

*Son faltas leves:*

- Difundir información interna da Federación tales como decisións de Asembleas, Xunta Directiva ou calquera que sexa sempre que se determine que é de carácter interno e confidencial.
- Faltar a tres Asembleas non consecutivas da Federación sen xustificación.
- Non informar á Xunta Directiva dos cambios internos da propia Asociación ou de cambio de datas de actividades amparadas pola propia Federación.
- Inscribirse en calquera actividade organizada pola Federación e logo non asistir sen motivo xustifico.

#### 3.5. Das faltas graves.

*Son faltas graves:*

- Non incluír o logotipo da Federación Feteagal e o da Confederación Escenamateur nos programas desenvolto por cada Asociación.
- A acumulación de dúas ou máis faltas leves no período de 1 ano.
- Faltar a tres Asembleas consecutivas.
- Difundir información sobre os acordos tomados polos órganos de Goberno da Federación ou pola propia Asemblea.



## Federación Teatral Aficionada de Galicia

### FETEAGAL

- Calumniar aos demais Asociados ou aos membros dos órganos de Goberno da Federación.
- Non cumprir cos compromisos adquiridos con anterioridade, sen xustificación valorada pola Xunta Directiva, como a realización dun anuario de actividades, suspender funcións organizadas pola ou coorganizadas pola Federación, etc.
- Calquera outro motivo que se considere prexudicial para a Federación.

#### 3.6. Das faltas moi graves.

*Son faltas moi graves:*

- Non pagar as cotas nos prazos establecidos pola Federación.
- Por faltar a seis Asembleas consecutivas da Federación.
- Por non cumprir os acordos adquiridos nas Asembleas da Federación tanto ordinarias coma extraordinarias.
- Calumniar gravemente á Federación, calquera dos seus asociados ou aos órganos de Goberno.
- Agresións físicas e/ou verbais aos asociados.
- A acumulación de dúas ou máis faltas graves no período de 1 ano.
- Denunciar á Federación ou aos Órganos de Goberno da mesma.
- Impedir ou dificultar o normal funcionamento da Federación.

A presente relación non é exhaustiva, senón meramente exemplificativa, polo tanto, calquera comportamento análogo, aos descritos para as faltas leves, graves ou moi graves poderá ser merecedor de sanción, previa a incoación do correspondente procedemento sancionador.



## Federación Teatral Aficionada de Galicia

### FETEAGAL

#### 3.7. Das sancións.

##### *a) Por faltas leves:*

- Amonestación verbal.

##### *b) Por faltas graves:*

- Consistirá na Amonestación por escrito e o pago da porcentaxe perdido de ingresos pola Federación. Se non se perdera ningún porcentaxe, a Federación sancionará ao socio con 100 euros, calquera que sexa a falta grave na que se incorreu.

- No caso de que a falta cometida fose a non inclusión dos logotipos, a non actualización dos datos ou a non realización dos anuarios engádesse como sanción o non poder participar en actividades que organice a Federación nin a Confederación Escenamateur por un período que será establecido pola Xunta Directiva; a maiores dos 100 euros.

##### *c) Por faltas moi graves:*

- Expulsión da Federación Feteagal.

#### 3.8. Do procedemento sancionador.

As sancións leves e graves serán impostas pola Xunta Directiva, sen necesidade de consultado coa Asemblea Xeral. As sancións moi graves será propostas pola Xunta Directiva da Federación, á Asemblea, que ten a protestade de impor ou non dita sanción.

##### *a) De iniciación.*

O procedemento sancionador iniciarase sempre polo acordo da Xunta Directiva da Federación, ben por iniciativa propia ou por denuncia dalgún dos asociados.

Unha vez acordada a iniciación do procedemento sancionador, nomearase a tres membros da Federación, que conformarán un Comité de Garantías que se encargará



## Federación Teatral Aficionada de Galicia

### FETEAGAL

da instrución do expediente; comunicándose este feito ao denunciante, aos interesados e ao imputado.

A Xunta Directiva poderá realizar actuacións previas ao obxecto de poder determinar se concorren circunstancias que motiven a iniciación do expediente.

*b) Das medidas cautelares.*

A Xunta Directiva, á vista dos feitos que motiven a iniciación do expediente sancionador e con independencia do estado de tramitación do mesmo, poderá adoptar as medidas cautelares que estime convenientes para garantir o bo fin do expediente sancionador.

*c) Das alegacións.*

Os interesados e o imputado disporán de un prazo de quince días naturais, a contar dende o día seguinte ao envío da notificación do Acordo de Iniciación, para presentar alegacións, documentos ou informacións que estimen oportunas.

*d) Da proba.*

Pasado o prazo de alegacións o Instrutor do expediente acordará a apertura dun prazo de quince días naturais para a práctica da proba. O Instrutor do expediente terá liberdade para practicas as probas que considere adicionais ás solicitadas.

*e) Da Proposta de Resolución.*

Concluída a práctica da proba, o Instrutor formulará unha proposta de resolución na que fixará de forma motivada: os feitos, clasificación das faltas, a infracción, a persoa ou Asociación responsable, a sanción que se propón que se imponha, así como as medidas provisionais se hai lugar; ou ben propondrá a declaración da non existencia de infracción ou responsabilidade.



## Federación Teatral Aficionada de Galicia

### FETEAGAL

*f) Audiencia aos interesados.*

A Proposta de resolución notificarase aos interesados e estes poderán formular alegacións nun prazo máximo de quince días naturais a contar dende o día seguinte ao envío da proposta de Resolución.

*g) Da Resolución.*

Tras o prazo de audiencia establecido, o Instrutor do expediente elevará a proposta de resolución, xunto coas alegacións presentadas á mesma e a copia do expediente sancionador; á Xunta Directiva, a cal resolverá dito expediente podendo modificalo na súa totalidade.

No caso das faltas graves e moi graves, a Proposta de Resolución, remitida á Xunta Directiva, trasladarase á Asemblea Xeral, que será quen decida finalmente as sancións acordadas.

Para acordar as sancións no casos de faltas leves; así como para elevar á Asemblea unha proposta por falta graves ou moi graves, requirirase da súa previa inclusión na Orde do Día, tanto para as reunión de Xunta Directiva e Asemblea Xeral. O Instrutor do expediente deberá absterse en dita votación.

As sancións serán inmediatamente executadas e, a estes efectos, serán comunicadas a todos os órganos ou persoas que puideran estar afectados.

*h) Do procedemento Simplificado.*

O procedemento simplificado soamente poderá aplicarse, no caso de estimalo conveniente, a Xunta Directiva para sancionar faltas leves.

O inicio será na mesma forma que o procedemento ordinario anterior, se ben nun prazo común de dez días hábiles dende a notificación efectuaranse as alegacións e a práctica da proba.

Transcorrido dito prazo efectuarase a proposta de Resolución e a Resolución firma.



## Federación Teatral Aficionada de Galicia

### FETEAGAL

#### 3.9. Da prescripción, caducidade e rehabilitación.

##### *a) Da prescripción das faltas.*

As faltas prescribían ao mes se son faltas leves, aos seis meses se son faltas graves e ao ano se son moi graves, sempre contando dende a data no que o órgano con capacidade para sancionar tivese coñecemento de dita falta. De non ter coñecemento, o órgano de goberno, de ditas faltas estas prescribían igualmente aos seis meses se son faltas leves, aos dezaioito meses se son faltas graves e aos dous anos en faltas moi graves. A prescripción interrompese polo acordo de apertura de expediente sancionador.

##### *b) Da caducidade do procedemento.*

O prazo máximo para resolver o expediente sancionador será de seis meses a contar dende a data do acordo do inicio do mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se adopte unha decisión, entenderase caducado o mesmo.

A caducidade do expediente, permitirá volver a iniciar o mesmo sempre que os feitos non houberen prescrito, debendo computar o prazo vencido a efectos dos prazos de prescripción.

##### *c) Da rehabilitación dos dereitos do socio sancionado.*

A Xunta Directiva, cando medie causa fundada para elo, poderá propor ante a Asemblea Xeral a rehabilitación do socio obxecto de sanción, previa inclusión na Orde do Día e o acordo maioritario da mesma.

#### **Artigo 4º.- Incompatibilidades.**

4.1. Será incompatible que un grupo sexa socio de Feteagal se tamén é socio de algunha outra Federación; a excepción dos grupos que pertencen a unha Federación transversal.

4.2. Non se admitirá a ningún socio que estea á súa vez noutra Federación a nivel autonómico, nacional ou internacional ou pertenza á Confederación Escenamateur como grupo independente.





# Federación Teatral Aficionada de Galicia

## FETEAGAL

### **Artigo 5º.- Votos en FETEAGAL**

5.1. Os votos dentro da Federación repártense da seguinte forma:

a) Un voto para cada Asociación membro.

5.2. *Delegacións de voto.*

Se os representantes das Asociacións con dereito a voto non puidesen acudir a Asemblea, deberá delegar o voto en outro membro da Asociación. En caso de non poder asistir á mesma ningún outro membro da Asociación este socio deberá delegar o voto noutro socio segundo o modelo da Delegación de voto que se anexa á Convocatoria das Asembleas.

### **Artigo 6º.- Representantes dos socios.**

Cada Asociación poderá elixir a un representante ante a Federación e os órganos de Goberno. Deberá indicar cal é esa persoa no momento da incorporación á Federación e, se nalgún momento se realizase cambio de representante comunicalo por escrito á Xunta Directiva da Federación, axuntando certificación da secretaría, no prazo máis breve posible.

## **BLOQUE DOUS. PROGRAMAS E ACTIVIDADES.**

### **Artigo 7º.- Programas e actividades.**

Todos os programas e actividades que se desenvolvan dentro da Federación deberán ser aprobados en Asemblea Xeral a proposición da Xunta Directiva, figurando dito punto na Orde do Día.

Ademais, todas as actividades, certames, programas, festivais, etc. Que organice a propia Federación deberán de ter unhas Bases claras e se llas fará saber a todos os socios antes da súa aprobación en Asemblea Xeral.



# Federación Teatral Aficionada de Galicia

## FETEAGAL

### **Artigo 8º.-** Convenios.

A Federación poderá realizar acordos con Empresas ou Entidades Públicas ou Privadas para a realización dos fines que se reflexa nos Estatutos, sempre en beneficio dos seus asociados. Serán os Órganos de Goberno os encargados de asinar ditos convenios tras aprobación en Asemblea Xeral, tanto Ordinaria coma Extraordinaria.

### **Artigo 9º.-** Actos solidarios.

Feteagal poderá realizar actividades ou actos solidarios a favor das ONG que o soliciten a través dos seus Asociados ou de calquera entidade colaboradora da Federación. Nestes actos solidarios deberán participar de forma comprometida, na medida das súas posibilidades, as compañías de Teatro Amador asociadas.

### **Artigo 10º.-** Encontros do Teatro Amador.

Feteagal poderá desenvolver e fomentar calquera tipo de encontros de carácter divulgativo, formativo ou de calquera outra natureza sempre que teñan relación coas artes escénicas ou fomenten a participación da cultura galega.

## **BLOQUE TRES: PUBLICIDADE.**

### **Artigo 11º.-** Publicidade.

11.1. Todas as Asociacións, do ámbito da Federación Feteagal, deberán incluír na publicidade das súas actividades o logotipo da Federación.

11.2. Todas as Asociacións, do ámbito da Federación Feteagal, deberán incluír na publicidade das súas actividades o logotipo da Confederación Escenamateur.

11.3. Feteagal, a través da súa Xunta Directiva, poderá incluír o uso obrigatoria de outros logotipos en función de convenios que poida establecer con outras entidades.

11.4. A Xunta Directiva facilitará por medios dixitais o acceso a todos os logotipos aos que fai referencia este artigo.



## **Federación Teatral Aficionada de Galicia**

### **FETEAGAL**

#### **Artigo 12º.- Delegacións e Áreas de Traballo.**

Cando así o requira os órganos de Goberno da Federación, poderán establecer áreas de traballo ou delegacións provinciais. Estas áreas de traballo serán propostas polo Presidente/-a e aprobadas pola Xunta Directiva. As áreas poderán ser ampliadas nas súas funcións segundo as necesidades previstas. O nomeamento da persoa ou persoas encargadas de estas áreas de traballo realizaraos á Xunta Directiva e deberá ser ratificado en Asemblea Xeral.

Haberá tantas áreas de traballo ou delegacións provinciais como así o ditamine a Xunta Directiva.

#### **Artigo 13º.- Asembleas e encontros informais coa Asociacións socias.**

Co fin de manter unha boa relación cos seus asociados e de abrir unha canle directa cos membros das Asociacións, desde Feteagal propón aos seus socios que na Orde do Día das súas Asembleas, reunións ou programas de actividades, se inclúa un punto no que un representante da Xunta Directiva poida falar con máis detalle sobre o funcionamento da Federación e responder ás preguntas e inquietudes dos asistentes.

#### **Artigo 14º.- Anuarios.**

Cada Asociación pertencente á Federación deberá entregar cada ano unha memoria que reflexe as representacións e demais actividades dos grupos realizadas no ano en curso.

Esta memoria deberá conter, cando menos os seguintes puntos:

- Funcións, lugar, data e espectadores estimados.
- Actividades relacionadas co teatro amator que se organicen dende a Asociación.
- Estreas anuais realizadas pola Asociación.

O envío desta memoria farase mediante correo electrónico no primeiro mes do ano seguinte.



## Federación Teatral Aficionada de Galicia

### FETEAGAL

O non cumprimento de este artigo inhabilitará ao socio para participar nas actividades da Federación e, pola súa parte, da Confederación Escenamateur.

#### **Artigo 15º-** Actas.

Deberán ser enviadas aos socios, nunca nun prazo superior a un mes despois da celebración de dita Asemblea. As actas deberán estar en formato online non modificable para que calquera socio poida consultalas pero non modificalas.

#### **Artigo 16º.-** Reunións de Xunta Directiva.

A asistencia a ditas reunións será obrigatoria e a non asistencia deberá ser comunicada con 24h de antelación á Xunta Directiva, para poder anular a convocatoria no caso de non haber quórum suficiente. Estas reunións faranse presencialmente cando as circunstancias o permitan, pero por motivos de mobilidade serán prioritariamente de forma telemática.

As Xuntas Directivas teñen carácter aberto e calquera socio pode asistir a estas, poden exercer o dereito de ser oídos na quenda de rogos e preguntas, sempre que o espazo temporal o permita.

A ausencia a tres reunións consecutivas ou cinco alternas de Xunta Directiva, de calquera dos seus membros, será motivo suficiente para propor o cese de dito membro electo na mesma; por maioría da Xunta Directiva restante, polo que o seu cargo quedaría a disposición da Asemblea Xeral. Ata a celebración da próxima Asemblea os membros da Xunta Directiva elixirán a outro membro que ocupe a vacante do membro cesado.

O Presente Regulamento de Réxime Interior da Federación de Teatro Amador Galego FETEAGAL foi aprobado en Asemblea o día 10 de Outubro de 2021.

O/A Secretario

VºBº do Presidente